

## Un insecto de luz a arder

**Lorena Domínguez Mallo**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

DOMÍNGUEZ MALLO, LORENA (2011 [2009]). “Un insecto de luz a arder”.  
*Protexa*: 12, 11. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/48>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

DOMÍNGUEZ MALLO, LORENA (2009). “Un insecto de luz a arder”. *Protexa*:  
12, 11.

\* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## UN INSECTO DE LUZ A ARDER

[RECENSIÓN Á REEDICIÓN DO LIBRO DE PILAR PALLARÉS *LIVRO DAS DEVORACIÓNS*, 2009]

**Lorena Domínguez Mallo**

A intensidade é algo que nos habita por momentos, e eses momentos son extraordinarios. *O Livro das devoracións* é a escrita da intensidade, unha poesía que medra cara dentro, en intensión, non en extensión, unha poesía que condensa unha experiencia dolorosamente consciente e profunda da vida. Esta obra de Pilar Pallarés, a máis loada pola crítica, era xa imposible de conseguir nas librerías, e supón unha gran fortuna vela reeditada. Respecto da primeira edición engádense un poema dedicado a Avilés de Taramancos e un epílogo de Miguel Mato Fondo. Co epílogoista temos que concordar cando di que Pilar Pallarés pertence ao “grupo de poetas que a posteridade revela de xeito inapelable”. Agardamos que esta reedición non sexa a única, e que as editoras rescaten outros libros coma este para que os novos poidan coñecer de primeira man aquilo que latexa aínda na tradición poética máis recente, aquilo que, coma neste caso, só se atopaba en bibliotecas.

Os eixes temáticos en torno aos cales se vertebra o poemario son tres: a escrita, a vida/morte e o amor/desamor. A morte é, pode dicirse así, a única certeza dos que viven. O eu poético fai dese coñecemento un xeito de estar no mundo, e por veces converte esa sabedoría en renuncia (“FASCÍNIO de non ser”, 50), mentres que noutras ocasións fai dela o impulso para renacer consciente (“renazo-me e reinicio-me / e unha maré sen trégua en min reinvento”, 40). Porque a vida e a morte son indisolubles desde o comezo, aínda que ás veces pareza que queira restarlle importancia á vida para concederlha a outra pulsión moito máis forte. En Pilar Pallarés, a paixón é un instinto máis poderoso que o da supervivencia, e así di: “Foi necesario arder, / vivir non tanto” (42).

Se exploramos os diferentes xeitos de conceptualizar eses eixes temáticos preguntáronos: Quen son os que devoran? E a resposta é a morte e a paixón, ás que se suma o tempo que o condena todo á destrución e ao esquecemento. Paralelos ás devoracións son os abandonos, porque a morte é tamén “este mudo ritual no que así te abandonas” (25), e “porque se amas serás o abandonado” (48). Por outra banda, se o amor implica desposesión (“desposuir-me / ser-te”, 22), a escrita supón o contrario, “como se unha única sílaba furtada do silencio / xustificase a vida” (55).

A escrita é, para Pilar Pallarés, unha convocatoria necesaria. Convócanse as pantasma, a dor, as lembranzas, e a palabra fai que se recoñeza no vivido e concédelle certa marxe de eternidade ás cousas, fronte á mediocridade efémera da vida. Unha vida dominada polo paso imparabile do tempo. Alén de que as expresións temporais que aluden a momentos do día e ás estacións volven sobre si mesmas coma nunha condena cíclica “eu xa estiven aquí” (51). O eu poético oscila entre unha actitude resignada ao absurdo do finito e o desexo de intensidade. E ao final, se é que houber unha conclusión, talvez cumpriría buscala no último poema, do que se deduce que o que o transcende todo é a palabra.

Eses contidos artéllanse nunha estrutura semántica en pares de opostos (ausencia/pre-senza, luz/sombra, memoria/olvido, totalidade/nada), medran na depuración do poema, nese dicir máis no mínimo posible, e cobran forma en símbolos impactantes como estatuas comidas polo tempo, animais salvaxes ou insectos que arden. E todos eses pares van alternándose na roda da vida que xira, imparabile, cara a inexistencia. Atrapada nese ciclo, a voz poética reescribe a posibilidade e afirma a perda.

A de Pilar Pallarés é unha voz personalísima na poesía galega, unha voz que crea a súa carnalidade no poema, que se explora e se recoñece na palabra e que nos golpea con imaxes tan poderosas como unha das que definen a paixón: “un insecto de luz a circundar-te / destrozando-me as asas ardendo-me en silencio” (21). A intensidade é ese insecto de luz a arder, nun libro que foi rescatado para o pracer de perdérmonos e atopármonos nel, nesa liturxia de valor incalculable que supón a súa lectura.